

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓNS:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. O artigo 68 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, aprobado pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, sinala que o persoal declarado en situación de suspensión firme de funcións perderá o seu posto de traballo se a suspensión excede de:**

- A) 6 meses.
- B) 3 meses.
- C) 2 meses.
- D) 1 mes.

**2. De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, en relación cos principios xerais do sistema de saúde, os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientadas prioritariamente a:**

- A) A prevención e curación da enfermidade.
- B) A promoción da saúde e á prevención das enfermidades.
- C) A prevención da saúde pública e á curación das enfermidades.
- D) A prevención dos riscos para a saúde e á atención integral das enfermidades.

**3. O artigo 21 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, de Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde establece as causas de extinción da condición de persoal estatutario fixo. No caso da condena de inhabilitación especial para a correspondente profesión suporá a perda desa condición se:**

- A) Excede de 10 anos.
- B) É igual ou superior a 12 anos.
- C) Excede de 6 anos.
- D) É superior a 8 años.

**4. De conformidade co establecido no artigo 33 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía de Galicia, en materia de sanidade interior, á Comunidade Autónoma correspóndelle:**

- A) A competencia exclusiva sanitaria no seu ámbito territorial.
- B) O desenvolvemento lexislativo, coa aprobación das Cortes Xerais.
- C) A plena competencia, sen ningún tipo de control por parte do Goberno do Estado.
- D) O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado.

**5. Cando se estableza a superación dun período de prácticas como requisito previo á obtención do correspondente nomeamento como persoal estatutario, a duración do mesmo, de acordo co disposto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, non poderá ser superior a:**

- A) Dous meses.
- B) 45 días.
- C) Tres meses.
- D) 1 mes.

**6. En relación cos obxectivos da política en materia de prevención de riscos para protexer a seguridade e a saúde no traballo establecidos no Capítulo II da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, indique a resposta correcta:**

- A) As Administracións públicas non poderán adoptar programas específicos dirixidos a promover a mellora do ambiente de traballo, xa que terá necesariamente que se obxecto de tratamento nun programa xeral.
- B) Na adopción de políticas en materia de seguridade e saúde no traballo non poderán terse en conta as necesidades e dificultades que especificamente puideran ter as pequenas e medianas empresas.
- C) A política en materia de prevención de riscos laborais deberá promover a integración eficaz da prevención de riscos laborais no sistema de xestión da empresa.
- D) A elaboración da política preventiva levarase a cabo coa participación dos empresarios e dos traballadores, así como, do Goberno do Estado e da inspección laboral.

**7. Dos que se indican, cal NON é un principio reitor do Sistema Público de Saúde de Galicia?**

- A) A promoción da superación das desigualdades sociais en saúde.
- B) A adecuación das prestacións sanitarias ás demandas da poboación.
- C) A participación e implicación de profesionais no sistema sanitario
- D) A coordinación dos recursos sanitarios, sociosanitarios e de saúde laboral.

**8. En relación coa regulación da historia clínica da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, indique a resposta correcta:**

- A) As follas de consentimento informado poderanse destruír pasados 10 anos desde a última asistencia ao paciente.
- B) O acceso doutras persoas distintas do paciente á información contida na historia clínica non precisa xustificación.
- C) Toda a documentación da historia clínica debe conservarse indefinidamente.
- D) As historias clínicas son documentos confidenciais propiedade da Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario.

**9. De acordo co establecido no artigo 23 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, no sistema de concurso–oposición a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder de:**

- A) 60% da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- B) Non se establece unha puntuación máxima para o concurso.
- C) 40% da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- D) 50% da puntuación total.

**10. De acordo co establecido na Constitución Española de 1978 un dos dereitos que se sinalan de seguido NON ten a consideración de dereito fundamental. Indique cal é.**

- A) Dereito á vida, á integridade física e moral.
- B) Dereito á liberdade de residencia.
- C) Dereito de petición individual e colectiva.
- D) Dereito á protección da saúde.

**1. En relación coa coordinación de actividades empresariais para o caso de que nun mesmo centro de traballo desenvolvan actividades traballadores de dúas ou máis empresas, a tenor do disposto no artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, indique a resposta correcta:**

- A) Estableceranse os medios de coordinación que sexan necesarios en canto á protección e prevención de riscos laborais.
- B) Cada unha das empresas adoptará o seu propio sistema de prevención, con independencia das outras.
- C) Cada empresa ten que avaliar os riscos existentes no lugar de traballo, sen que sexa necesaria a intervención do titular do centro.
- D) A empresa que teña máis tempo de actividade no lugar de traballo debe realizar a avaliación de riscos do mesmo e facilitar ás demais empresas os medios para a prevención dos riscos existentes.

**2. Para a provisión de prazas de persoal estatutario en Galicia no sistema de concurso os baremos de méritos dirixiranse a avaliar as competencias profesionais dos aspirantes axustadas ás funcións a desenvolver, a través da valoración do currículo profesional e formativo. A puntuación da formación (pregraduada, posgraduada, especializada ou continuada acreditada) NON podera superar a porcentaxe de:**

- A) 55% da puntuación total do concurso.
- B) 10% da puntuación total do concurso.
- C) 35% da puntuación total do concurso.
- D) Debe establecerse especificamente para cada convocatoria.